



GALICIA HEAD TOUR 2021

1ª PROBA
 Campionato Galego Infantil e Junior (Núm.Hom.: 96)
 Galicia Head Tour 1ª Proba Alevín e Cadete (Núm.Hom.: 97)

SEDES:
 Casino Mercantil e Ind. Pontevedra
 Club Tennis Pontevedra
 Club Tennis Rial

DATAS:
 Do 26 de marzo ao 18 de abril de 2021

INSCRICIÓNS:
 Ata o 19 de marzo
 en www.ibertenis.com



- **HOMOLOGACIÓN:**
 - Campionatos galegos infantil e junior: 96
 - Torneo Galicia Head Tour: 97
- **ORGANIZADORES:**
 - Federación Galega de Tenis.
 - Club Tennis Pontevedra.
 - Rúa Illa de San Simón 5, 36163. A Caeira (Poio).
 - Tlf: 986 87 29 81
 - Casino Mercantil e Industrial de Pontevedra.
 - Parque polideportivo de Mourente s/n. (Pontevedra).
 - 986 84 22 61
 - Club de Tennis El Rial.
 - Rúa do Carballo s/n. (Vlianova de Arousa).
 - 985 50 51 98
- **DATAS:** Do 26 de marzo ao 18 de abril 2021.
 - Formato: Torneos de fin de semana.
- **CONTACTO:**
 - Email: torneos@fgtenis.net
 - Teléfono: 667 688 432 (whatsapp)



- COMITÉ ORGANIZADOR: Marco Casal, Juan Pablo Agrelo, Daniel Otero, Manuel Acuña.
- XUÍZ ÁRBITRO: Carlos Coira.
- XUICES ITINERANTES: Sen designar.
- INSCRICIÓNS:
 - Na web: www.ibertenis.com ata o venres 19 de marzo.
 - Por cuestións derivadas dos protocolos sanitarios, só está permitido inscribirse como máximo nunha categoría individual e un dobres.
 - Prezos:
 - Individuais: 12,5€
 - Dobres: 6,25€
 - O pago da inscrición deberá realizarse a través da pasarela de pago da páxina www.ibertenis.com no momento de realizar a inscrición. Non se admitirán outros formatos de pago.
 - Sen o abono, a inscrición non se considerará válida e o xogador ou xogadora non se incluírá no sorteo.
- BOLA OFICIAL: Head
- DATA DO SORTEO: 22 de marzo ás 10:00h.
- PREMIOS: Trofeos para campión/campioa e subcampeón/subcampioa de cada categoría.
- Publicaremos os cadros, horarios e resultados en: www.fgtenis.net e www.ibertenis.com



- **CAMPIONATO GALEGO INFANTIL:**

- **Sede:** Casino Mercantil Industrial de Pontevedra.
- **Categorías:** individual masculino, individual feminino, dobres masculinos e dobres femininos.
- **Superficie:** resina sintética.
- **Cadros individuais:** Fase final 32 (20AD, 8Q, 4WC) e previa aberta.
 - Sistema de xogo: 2 sets + supertiebreak.
- **Cadros dobres masc./fem.:** Fase final de 16.
 - Sistema de xogo: 2 sets + super-tiebreak (no ad).

- **CAMPIONATO GALEGO JUNIOR:**

- **Sede:** Club de Tenis Pontevedra
- **Categorías:** individual masculino, individual feminino, dobres masculinos e dobres femininos..
- **Superficie:** tennis quick categorías femininas e terra batida categorías masculinas.
- **Cadros individuais:** Fase final 32 (20AD, 8Q, 4WC) e previa aberta.
 - Sistema de xogo: 2 sets + super-tiebreak (no ad).
- **Cadros dobres masc./fem.:** Fase final de 16.
 - Sistema de xogo: 2 sets + super-tiebreak (no ad).

- **TORNEO GALICIA HEAD TOUR CATEGORÍA CADETE:**

- **Sede:** Casino Mercantil Industrial de Pontevedra.
- **Categorías:** individual masculina e feminina.
- **Superficie:** resina sintética.
- **Cadros:** divisións seguindo o regulamento do Galicia Head Tour.
- **Sistema de puntuación:** 2 sets + super-tiebreak.

- **TORNEO GALICIA HEAD TOUR CATEGORÍA ALEVÍN:**

- **Sede:** Club de Tenis El Rial.
- **Categorías:** individual masculina e feminina.
- **Superficie:** tennis quick.
- **Cadros:** división seguindo o regulamento do Galicia Head Tour.
- **Sistema de puntuación:** 2 sets + super-tiebreak.



NORMATIVA

1. A competición aplicará as normas da R. F.E. T e do Galicia Head Tour 2021. É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar. Para poder participar nos campionatos galegos infantil e junior, os/ as xogadores/ as que non pertencen ao espazo Schengen deberán acreditar licenza federativa e residencia en Galicia nun período de 2 anos para menores de 14 anos e de 3 anos para xogadores/ as de 15 a 18 anos.
2. Só se permite a inscrición nunha categoría individual e un dobres.
3. Datas e horarios: Considérase campionato/torneo de fin de semana, polo que a organización poderá programar partidos en venres, sábado, domingo. Os venres laborables será a partir das 16:00 h. e os días non laborables (sábados, domingo e festivos) os horarios de xogo serán de 10:00 h a 22:00 h. É responsabilidade dos xogadores revisar as listas de aceptación publicadas tras o peche da inscrición, así como os horarios de xogo. Os horarios non serán oficiais ata as 19:00 h. do día anterior, polo que é imprescindible que o revisen a partir desa hora.
4. Unha vez publicada a orde de xogo, non se realizarán modificacións. É un torneo cun gran número de rexistrados e é imposible atender ás solicitudes individuais.
5. Se teñen previsto o desprazamento a torneos fóra de Galicia, deben deixalo reflectido nas observacións no momento da inscrición. Desde a organización faremos todo o posible para coordinar a fase final do noso torneo coas fases finais dos torneos que se celebren fora de Galicia.
6. O xuíz árbitro poderá aplicar W.O. a todos os xogadores que non se presenten a xogar 10 minutos despois de ser chamados para entrar en pista.
7. Todos os partidos deberán xogarse no club organizador, salvo que o xuíz árbitro considere necesario desprazar algún partido a outro club para garantir o bo desenvolvemento do torneo.
8. Os xogadores deben vestir en pista de forma regulamentaria e axustar o seu comportamento e o dos seus acompañantes ao código de conduta. Deberá primar en todo momento o máximo respecto ao resto de xogadores, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador.
9. O xuíz árbitro poderá modificar as pistas e/ou o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
10. Seguiranse os protocolos sanitarios establecidos pola Federación Galega de Tenis correspondentes á competición individual.
11. Só se permitirá a entrada ao club dun acompañante por xogador, que deberá rexistrarse no formulario que enviaremos por correo electrónico.
12. Todas as cuestións non establecidas neste regulamento serán resoltas polo xuíz árbitro ou polos seus adxuntos/itinerantes. As súas decisións serán inapelables.